

# PEGATINA

Responda a unha das preguntas, das que se mencionan a continuación, podendo contestar nun máximo de 2 folios (4 caras):

1. Identifica novos xacementos turísticos de Vedra e propón dous produtos turísticos.
2. Formula unha proposta turística para a potenciación do patrimonio cultural e natural de Vedra.

TEST: (Sinale cun círculo a resposta que considere correcta)

PREGUNTAS:

1.- Enténdese por xeodestinos turísticos:

- a) As áreas ou espazos xeográficos limítrofes que comparten unha homoxeneidade territorial baseada nos seus recursos turísticos naturais, patrimoniais e culturais, con capacidade para xerar fluxos turísticos e que, xunto á súa poboación, conforman unha identidade turística diferenciada e singular
- b) As áreas ou espazos xeográficos que comparten unha homoxeneidade territorial baseada nos seus recursos turísticos naturais, con capacidade para xerar fluxos turísticos e que, xunto á súa poboación, conforman unha identidade turística diferenciada e singular
- c) As áreas ou espazos xeográficos limítrofes que comparten unha homoxeneidade territorial baseada nos seus recursos turísticos naturais, patrimoniais e culturais que, xunto á súa poboación, conforman unha identidade turística diferenciada

2.- En materia de Turismo, a protección e preservación dos recursos turísticos existentes e o fomento da creación de novos produtos turísticos, a competencia correspóndelle a:

- a) Concellos
- b) Administración da Xunta de Galicia
- c) Deputacións provinciais

3.- Segundo o artigo 69 da Lei 7/2011, de turismo de Galicia, a capacidade de aloxamento das hspedesías rurais non poderá supera:

- a.- cincuenta prazas
- b.- corenta prazas
- c.- trinta prazas

4.- Segundo o artigo 72 da Lei 7/2011, de turismo de Galicia, considéranse aldeas rurais:

- a.- Ao conxunto de tres ou máis edificacións de turismo rural que formen parte dun establecemento único e dispoñan de oferta complementaria de servizos
- b.- Ao conxunto de máis de tres edificacións de turismo rural que formen parte dun establecemento único e dispoñan de oferta complementaria de servizos
- c.- Ao conxunto de máis de cinco edificacións de turismo rural que formen parte dun establecemento único e dispoñan de oferta complementaria de servizos

5.- Cal non é un dereito das usuarias e usuarios turísticos segundo o artigo 11 da Lei 7/2011:

- a.- Dereito de non discriminación
- b.- Dereito a obtención das mellores ofertas
- c.- Dereito á tranquilidade e intimidade

6.- Dentro da clasificación de establecementos de turismo rural, cal pertence ao grupo II?

- a.- Hspedesías rurais
- b.- Pazos e outras edificacións singulares
- c.- Aldeas de turismo rural

7.- Sinale a resposta CORRECTA. Segundo o disposto na Lei 7 /2011 enténdese por reincidencia :

- a.- A comisión no término dun ano de mais de unha infracción da mesma natureza cando se declarase por resolución firme
- b.- A comisión no término dun ano da mesma infracción cando se declarase por resolución firme
- c.- A comisión no término de 5 anos da mesma infracción cando se declarase por resolución firme

8.- Son aldeas da parroquia de San Xián de Sales:

- a.- Cibrán, Quintáns, Calzande, A Torre, Matelo, Paradela, Laraño, Romarís e Ramonde
- b.- Cibrán, Quintáns, Calzande, A Torre, Matelo, Paradela, Laraño, Romarís e Sales
- c.- Cibrán, Quintáns, Calzande, A Torre, Matelo, Paradela, Laraño, Romarís, Ramonde e Sales

9.- Para que un concello poida ser declarado pola Xunta de Galicia como Concello turístico é necesario que, polo menos:

- a.- O promedio ponderado anual de poboación turística sexa superior ao 25% do número de vecinos , e o número de prazas de aloxamento turístico e de prazas de segunda residencia sexa superior ao 50% do número de vecinos
- b.- O promedio ponderado anual de poboación turística sexa superior ao 50% do número de vecinos , e o número de prazas de aloxamento turístico e de prazas de segunda residencia sexa superior ao 25% do número de vecinos
- c.- O promedio ponderado anual de poboación turística sexa superior ao 25% do número de vecinos , e o número de prazas de aloxamento turístico e de prazas de segunda residencia sexa superior ao 40% do número de vecinos

10.- Sinala a resposta CORRECTA. A fonte de ``A coca`` sitúase fronte a :

- a.- O pazo de Santa Cruz
- b.- O pazo de Ximonde
- c.- Ningunha das anteriores

11.- Indique cal das seguintes afirmacións é a correcta. A superficie do Concello de Vedra é:

- a.- Aproximadamente 52 km<sup>2</sup>
- b.- Aproximadamente 72km<sup>2</sup>
- c.- Aproximadamente 42 km<sup>2</sup>

12.- Indique cal dos seguintes é un afluente do río Ulla:

- a.- O río Tomonde
- b.- O río Buxeiros
- c.- As respostas a e b son correctas

13.- Cal das seguintes atribucións non é competencia dun municipio en materia de turismo?

- a.- A potenciación e promoción da denominación de xeodestino
- b.- A colaboración coa Xunta de Galicia na protección dos dereitos das usuarias e usuarios turísticos.
- c.- Todas as anteriores son correctas

14.- Indique cal das seguintes afirmacións é correcta en relación á Ponte Busacos :

- a.- É unha pequena ponte medieval pola que pasa a Ruta da Prata
- b.- É unha pequena ponte medieval pola que pasa o Camiño Portugués
- c.- É unha pequena ponte medieval de estilo barroco pola que pasa o Camiño Portugués

15.- Indique cales das seguintes son as mámoas inventariadas dentro do termo municipal de Concello de Vedra:

- a.- As do Castro; a da Quenlla das Medas e a de Paizás
- b.- As de Raxoi; a da Quenlla das Medas e a de Paizás
- c.- As de Cimadevila; a da Quenlla das Medas e a de Paizás

16.- Indique cales dos seguintes castros podemos atopar dentro do termo municipal de Vedra:

- a.- O castro de Socastro
- b.- O castro de Agronovo
- c.- As respostas a e b son correctas

17.- Que concello non limita co concello de Vedra.

- a.- Concello de Santiago de Compostela
- b.- Concello de Teo
- c.- Concello de Silleda

18.- Onde se atopa o sepulcro do bispo de Coimbra?

- a.- En San Miguel de Sarandón
- b.- En Santo André de Trobe
- c.- En San Xián de Sales

19.- En Santo André de Illobre festéxase o día da Virxe das Angustias, que día?

- a.- Domingo de Ramos
- b.- Domingo de Pascua
- c.- 2º domingo de febreiro

20.- Onde atopamos a oficina de atención ao peregrino/a de Vedra?

- a.- En Ponte Ulla
- b.- En Gundián
- c.- En San Xoán da Cova

#### PREGUNTAS DE RESERVA:

21.- A duración das prácticas de guía de turismo non poderá ser:

- a) Inferior a 6 meses nin superior a un ano
- b) Inferior a tres meses nin superior a un ano
- c) Ningunha das anteriores respostas é correcta

22.- Segundo o artigo 27 da Lei 7/2011 de Turismo de Galicia, cal é un requisito mínimo para que a Xunta de Galicia declare un municipio coma Municipio Turístico de Galicia?

- a.- Que a media ponderada anual de poboación turística sexa superior a 25% do número de veciños/as.
- b.- Que o número de prazas de aloxamento turístico e de prazas de segunda residencia sexa superior ao 25% do número de veciños/as.
- c.- Que a media ponderada anual de poboación turística sexa superior a 50% do número de veciños/as.

23.- En vista ao artigo 118 da Lei 7/2011 a prescrición das sancións graves previstas na lei, prescribirán:

- a.- Ao ano
- b.- Aos dous anos

c.- Aos tres anos

24.- Sinala a resposta CORRECTA. A ponte de Gundián foi construída:

a.- No S. XVIII

b.- No S. XIX

c.- No S. XX

25.- Indique cal das seguintes afirmacións é correcta:

a.- A fonte da Coca é de estilo gótico, está datada no S XVIII, e posúe un arco decorado alternando molduras e motivos florais, sobre dúas columnas

b.- A fonte da Coca é de estilo barroco, está datada no S XVII, e posúe un arco decorado alternando molduras e motivos florais, sobre dúas columnas

c.- A fonte da Coca é de estilo barroco está datada no S XVIII, e posúe un arco decorado alternando molduras e motivos florais, sobre dúas columnas